Fundación Menela

memoria 2014

FUNDACION MENELA
r/ Marqués de Alcedo, 19
36203 VIGO (Pontevedra)
www.menela.org
fundacion@menela.org

Fundación Menela

memoria 2014

Índice

Presentación 3

Fundación Menela 5

Órganos de Goberno

Actividade Institucional e Representación

Outras Entidades da Rede Menela 17

Castro Navás SL

Fundación Tutelar “Camiño do Miño”

Asociacións de Familias de Usuarios

Servizos 27

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Atención Temperá e Apoio Integral

Educación

Centro de Día e Residencia

Outros Servizos 49

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Formación e Desenvolvemento

Información e Documentación

Acción Voluntaria

Proxectos

Sensibilización e Visibilidade 73

Promoción e Difusión 81

Resultados Económicos 87

Colaboradores e Financiadores 95

Presentación

Un ano mais, preséntase a Memoria de Actividades 2014 na que se recollen os feitos mais relevantes e as accións que poñen en valor o traballo que se desenvolveu en Fundación Menela ao longo deste periodo.

Dende a Fundación Menela esforzámonos día a día por contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo. Esta é a nosa responsabilidade e o compromiso que nos acompaña nun camiño iniciado fai xa casi catro décadas, e que nos leva a reforzar os apoios e servizos que repercuten en todas as áreas de desenvolvemento da persoa con autismo.

A nosa misión non pode desenvolverse se non é dentro dun marco de actuación ética a todos os niveis, motivo que nos impulsou a redactar e aprobar, o 20 de decembro, un Código Ético para a Fundación Menela; documento que defende o compromiso ético entre profesionais, mellora o coñecemento dos dereitos das persoas con TEA e oriéntanos nunha relación baseada no respecto, dignidade e igualdade.

O Plan de Acción 2014, aprobado polo noso Padroado na súa reunión do día 14 de decembro de 2013, establece, como liñas prioritarias de actuación para o exercicio, a defensa de dereitos, a creación de valor, a xestión orientada a resultados, a xestión do coñecemento e o desenvolvemento das tecnoloxías da comunicación e información. Para dar cumprimento a estes retos puxemos todo o noso empeño e experiencia nas actuacións que fomos executando ao longo do ano, e hoxe presentamos os seus froitos. A acreditación como Psicólogas Sanitarias do equipo de terapeutas do Servizo de Diagnóstico e Atención Temperá e a inscrición destes servizos no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios,

o programa de educación permanente para persoas adultas con autismo, a implantación dun sistema informático de xestión documental e traballo colaborativo en rede, e outros proxectos similares, constitúen as principais iniciativas desenvolvidas e consolidadas neste exercicio para dar cumprimento ao mandato recibido no seu día do órgano de goberno da fundación.

Malia que as consecuencias da crise aínda se deixan notar en moitos ámbitos da nosa vida, e o sector da discapacidade non é, en absoluto, alleo a elas, conseguimos manter a tendencia favorable dos últimos anos dos nosos indicadores económicos, acadando un resultado positivo que reforza a capacidade da organización para afrontar novos proxectos, aínda en situacións de tensións financeiras como as que o pais ven sufrindo nos último anos. O cumprimento futuro dos fins fundacionais unicamente se pode garantir si logramos manter hoxe a saúde económica e financeira, e así construír o desenvolvemento sostíbel e sólido da organización,

Non se pode rematar esta presentación sen mostrar o mais profundo agradecemento e admiración polo traballo, esforzo e paixón das persoas que conforman a Rede Menela.

Vigo, xuño 2015

Fundación Menela

A Fundación Menela é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, clasificada como Benéfico - Asistencial e de Interese Galego, rexistrada como entidade prestadora de Servizos Sociais e recoñecida como Entidade de Acción Voluntaria desde o 2005. A súa misión é contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e defender a súa dignidade como cidadáns, dando resposta ás súas necesidades específicas ao longo do ciclo vital.

Todos os centros e servizos da Fundación están certificados baixo a norma de calidade ISO 9001-2008.

A Rede de Centros e Servizos para o Autismo e a Dependencia de Fundación Menela está constituída ademais polas entidades Castro Navás SL, empresa de inserción laboral para persoas con Trastorno do Espectro do Autismo que nace en 1998, e Fundación Tutelar "Camiño do Miño", organización fundada en 2006.

Para dar cumprimento aos seus obxectivos, a Fundación Menela conta cos seguintes Centros:

Servizos Administrativos Centrais

Rúa Marqués de Alcedo, 19 l 36203 Vigo

Tel. 902.502.508

fundacion@menela.org

Contacto: José Manuel Varela Rodríguez

Centro de Recursos Edificio CAMI

Rúa Laxe, 3 l 36202 Vigo

Tel. 986 222 023

cami@menela.org

Contacto: Mercedes López Francisco

Centro de Educación Especial Menela

Camiño da Veiguiña, 15 l 36212 Vigo

Tel. 986 240 703

ceemenela@menela.org

Contacto: Amparo Maquieira Prieto

Centro Castro Navás

Rúa Navás, 11 l 36391 Priegue - Nigrán

Tel. 986 365 558

castronavas@menela.org

Contacto:

Paula Estévez Salazar, Directora Centro Castro Navás

Sonia Álvarez Pérez, Responsable Residencia

Órganos de Goberno

CONSELLO DO PADROADO

O Consello do Padroado, máximo órgano de goberno, ten funcións de representación, disposición e xestión da entidade. Na súa composición figuran patróns fundadores, familiares de usuarios e outros profesionais relevantes especialmente sensibles cós fins de Fundación Menela.

Composición do Consello do Padroado de Fundación Menela:

Presidente: D. Pedro Fernández Puentes (membro fundador)
Secretario: D. Cipriano Luís Jiménez Casas (membro fundador)
Vogais: Dª Remedios Parga García (membro fundador)
D. Jorge Sors Pérez
D. Carlos Varela García
Dª María Isabel González Quiroga
D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez
Dª Julia Jiménez Fernández
D. Marcos Fernández Álvarez-Santullano

DIRECCIÓN EXECUTIVA

▪ Director Xeral

A Dirección Xeral constitúe o órgano executivo da entidade. A súa misión é garantir o cumprimento das decisión adoptadas polo Consello do Padroado na operativa diaria de xestión contando, nesta tarefa, có apoio dos equipos executivo e de dirección.

O Director Xeral da Fundación Menela é **D. Cipriano Luís Jiménez Casas.**

▪ Comité Executivo

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinadora Servizos:	Dª Paula Estévez Salazar

ÓRGANOS ASESORAMENTO Á DIRECCIÓN

▪ Equipo Técnico de Dirección

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinación Servizos:	Dª Paula Estévez Salazar
Área Psicosocial:	Dª Pilar Pardo Cambra
Área de Familias:	Dª Mercedes López Francisco
Área Educativa:	Dª Mª Amparo Maquieira Prieto
Área Residencial:	Dª Sonia Álvarez Pérez
Área Económica:	Dª Ana Rodríguez González

ÓRGANOS RECTORES DE CENTROS

▪ Consello Escolar do Centro Menela

Presidenta:	Mª Amparo Maquieira Prieto
Fundación Menela:	Cipriano Luís Jiménez Casas
	José Manuel Varela Rodríguez
	Mercedes López Francisco
Representación Familias:	Concepción Moreira
	Santiago Carrera Blanco
	Juan José Pérez
Persoal Docente:	Iria Antuña
	Lourdes Martín
	Pedro Martínez

Actividade Institucional e Representación

ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

En 2014 celebráronse 2 reunións do Consello do Padroado, 44 reunións de Comité Executivo e 11 de Equipo Técnico. O Consello Escolar e o Claustro de Profesores do CEE Menela reuníronse unha vez por trimestre, e a Xunta Directiva da Asociación de Familias de Castro Navás celebrou tres reunións coa dirección do centro.

Participación en Redes de Traballo

- **Federación Autismo Galicia**

No ano 2014, o Director Xeral e o Director Xerente de Fundación Menela foron reelixido nos seus cargos de Tesoreiro e Secretario, respectivamente, da Xunta Directiva da Federación. No exercicio de representación e dirección propios dos seus cargos, ambos participaron nas catro xuntas directivas que se celebraron nese ano. Pola súa parte, distintos profesionais da Fundación participaron nas reunións técnicas que mantivo a Secretaría Xeral de Política Social coa Federación nos meses de abril e maio, no marco do desenvolvemento do decreto que define a Carteira de Servizos Sociais de Galicia.

O día 22 de decembro, o Director Xeral e o Director Xerente, có resto da Xunta Directiva da Federación, acompañaron ao Presidente da mesma na súa comparecencia da Comisión Non Permanente para o Seguimento das Políticas de Discapacidade do Parlamento de Galicia.

- **Área Psicosocial**

En 2014 celebráronse tres reunións (06 de febreiro, 09 de abril e 22 de outubro) entre o equipo de traballo do que forman parte as traballadoras sociais de entidades que traballan con persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra. Os obxectivos destas reunións é poñer en común os temas e dificultades do traballo diario, así como de estar ao día de temas de actualidade dentro do traballo Social e a Dependencia e discapacidade.

▪ Grupo de Xerentes

Có obxecto de intercambiar coñecemento e informacións, establecer liñas comúns de traballo e compartir experiencias, un grupo de xerentes de entidades de atención á discapacidade intelectual das provincias de Pontevedra e Coruña organizan unha reunión, de periodicidade mensual, que conta coa participación do xerente de Fundación Menela. A heteroxeneidade dos colectivos que representan, das formas xurídicas baixo as que están constituídas, do seu tamaño e historial, etc. fai que estas reunións sexan moi ricas en aportacións e no enfoque dos temas tratados e nas solucións adoptadas, que son sempre por consenso.

Organizado polo Grupo de Xerentes, os días 15 e 16 de outubro a Coordinadora de Centros e o Director Xerente da Fundación Menela participaron o curso de formación "Xestión do Cambio" impartido en Pontevedra polo experto en desenvolvemento de organizacións, Carlos Cortés.

REPRESENTACIÓN

Ao longo deste 2014 Fundación Menela estivo presente en diferentes actos organizados por Administracións Públicas e entidades privadas vinculadas ao eido social, educativo e sanitario. Entre estas cabe sinalar:

III Edición de Premios Nigrán. Concello de Nigrán *Nigrán, 9 de maio*

Plan de Práctica Laboral 2014. Deputación de Pontevedra *Pontevedra, 29 de setembro*

II Certame Artístico Igual Arte *Vigo, 10 de outubro*

ILUNION. Fundación ONCE *A Coruña, 11 de novembro*

IV Xornadas Interdisciplinarias. Atención Temperá: Semilla de futuro. *Santiago de Compostela 28 de novembro*

COLABORACIÓNS

Federación Autismo Galicia

Participación na **Comisión de Accesibilidade Cognitiva e TEA de Galicia**
Santiago de Compostela, 26 de febreiro 2014.

Participación na sesión de revisión do borrador da **nova carteira de servizos sociais** para a promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.
Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014.

Confederación Autismo España

Incorporación ao **Grupo de Emprego e Inclusión Laboral** da Confederación Autismo España *Promoción do emprego e inclusión laboral de persoas con TEA*. Posta en común de iniciativas e experiencias de emprego con apoio con persoas con TEA de diferentes entidades do sector. Madrid, 6 de outubro de 2014.

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Colaboración no estudo de investigación ***Diagnóstico xenético en nenos e adolescentes con Trastornos do Espectro do Autismo***, promovido pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica coa colaboración do Sergas e da Fundación María José Jove.

Con motivo desta alianza, celebrouse unha xornada na que se presentaron os resultados acadados na primeira fase do estudo, fíxose entrega dos consellos xenéticos ás familias e realizáronse as extraccións de sangue aos participantes da segunda fase do estudo. Na mesma interviron o director executivo da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, Dr. Ángel Carracedo, a responsable clínica do proxecto de investigación, Dra. Lorena Gómez , e o director xeral de Fundación Menela, Dr. Cipriano Luís Jiménez Casas. Edificio CAMI, 8 de marzo de 2014.

OUTRAS ENTIDADES DA REDE MENELA

Castro Navás S.L

Como resultado dos Proxectos Europeos Horizón II e III nace, en 1998, CASTRO NAVÁS SL., sociedade dependente de Fundación Menela. O obxecto social da empresa é dar resposta á falta de recursos no ámbito laboral para as persoas con discapacidade e ofrecer un servizo á comunidade na que se asenta, promovendo actividades económicas nas que as persoas con e sen TEA compartan equipos de traballo e responsabilidades. Na súa traxectoria, a empresa Castro Navás S.L foi dirixindo a súa actividade cara distintas áreas comerciais como a **agropecuaria**, **produción de artigos de agasallo**, **conservas e marmeladas**, **lavandería industrial** e **fisioterapia.**

Coa súa creación Fundación Menela defende unha Estratexia de Inclusión Laboral baseada no emprego ordinario nunha contorna laboral favorable, onde as persoas con e sen discapacidade se apoian mutuamente implicándose de igual xeito no éxito do proxecto.

COLABORACIÓNS CON EMPRESAS

Desde 2012 mantense a colaboración entre a empresa **Embalajes Armando S.L.U, Fundación Menela** e **Autismo Galicia**, un proxecto formativo e de emprego con apoio centrado na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos, que se desenvolve no obradoiro de Madeira.

Neste ano realizáronse un total de 11.590 tapas, a ritmo de produción de 50 tapas diarias.

Trimestre 1: 2800 unidades
Trimestre 2: 3180 unidades
Trimestre 3: 2260 unidades
Trimestre 4: 3350 unidades

Mantense a relación coa empresa **Frutas Nieves S.L,** iniciada en 2013, e amplíase a cinco o número de establecementos nos que se comercializan as marmeladas que se elaboran no obradoiro de Conservas e Marmeladas.

No ano 2014, elaboráronse un total de 245 quilogramos de marmelada en presentacións de 40, 100 e 225 gr.

Presentación	Produción
Bote de 40 gr.	852 ud.
Bote de 100 gr.	1.025 ud.
Bote de 225 gr.	479 ud.
TOTAIS	*2.356 ud.*

Destas experiencias formativas e de emprego cabe sinalar un crecemento sostible, tanto no que se refire ao número de persoas que participan nelas, dotación de material e nivel de produción, así tamén os resultados obtidos na adquisición e desenvolvemento de competencias sociolaborais.

DIFUSIÓN E PROMOCIÓN COMERCIAL de produtos a través de diferentes vías:

- **Mercados e/ou exposicións artesáns:**

Castro Navás participa nas edicións de *Verán (3 ao 6 de xuño) e Inverno (18 ao 21 de novembro)* **da Campaña DE BOA MAN,** de divulgación de produtos realizados en centros de persoas con diversidade funcional, organizada pola Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

- **Catálogo de Produtos "Obradoiros de Castro Navás"**
- **Venta a través da páxina cnavas.com**
- **Encargos de empresas e particulares**

Fundación Tutelar “Camiño do Miño”

A Fundación Tutelar nace por un acordo do Padroado de Fundación Menela do 25 de novembro de 2006 coa misión de “Proporcionar protección e garantía efectiva dos dereitos dos seus tutelados para acadar a súa integración plena na sociedade e a súa óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza”

O Consello do seu Padroado está composto por:

Presidenta: Dª Isabel González Quiroga
Secretario: D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Vogais: D. José Manuel Varela Rodríguez,
D. Luís Ángel Fernández Barrio

Con domicilio social na rúa Xoanelo, 2 baixo (Vigo), a Fundación Tutelar “Camiño do Miño” está clasificada como Fundación de Interese Social por Orde da Xunta de Galicia do 5/06/2007 e declarada de Interese Galego por Orde do 14/08/2007.

Durante o ano 2014 a acción da Fundación Tutelar Camiño do Miño estivo centrada na xestión dos intereses do seu tutelado así como a atención das consultas que lle foron plantexadas por distintas familias de persoas usuarias do Centro Castro Navás de Fundación Menela.

Asociacións de Familias de Usuarios

Equipos de Dirección das asociacións de familias de persoas usuarias dos Centros da Rede Menela:

ANPA Centro Menela:

Presidenta:	Montserrat Troncoso
Vicepresidenta:	Elena Rodríguez
Secretaria:	Mónica López
Vogal:	Rafael Cuiñas

Asociación Familias Castro Navás

Presidente:	Eloy Alonso Misa
Secretaria:	Esperanza Martínez Mguelez
Tesoureira:	Josefa Gómez Borrajo
Vogais:	Benito González
	Victoria Cueto
	Mª Carmen Pereira

SERVIZOS
DA REDE
MENELA

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Especializado no diagnóstico e orientación dos TEA, este servizo realiza valoracións e diagnósticos mediante probas específicas en TEA (ADI-R, ADOS-G, Escala Autónoma para a detección da Síndrome de Asperger e o Autismo de Alto Nivel de Funcionamento) e criterios internacionalmente aceptados (DSM-IV-TR/DSM-V; CIE-10), seguindo as Boas Prácticas recoñecidas sobre diagnóstico e detección do Autismo (Grupo GETEA. Instituto de Salud Carlos III).

O servizo atende a toda persoa que manifeste síntomas ou sospeitas de TEA (sinais de alerta, programa de cribado con resultado positivo, grupo de risco) ,realizando tamén revisións e seguimento de casos.

Durante o ano 2014 o Servizo de Diagnóstico emitiu **37 Informes Diagnósticos.**

O SERVIZO DE PSICOLOXÍA EN CENTRO DE DIAGNÓSTICO E ATENCIÓN TEMPERÁ figura desde este ano inscrito no **Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255.**

A finais do 2014 incorpórase Arlette Zermeño; psicóloga, máster en Neuropsicoloxía e doctorando en Neuropsicoloxía pola Universidade de Salamanca.

Distribución porcentual por nivel de dependencia



Distribución da dependencia por Centro



Outras actividades do servizo

Información e Sensibilización: Campaña "Detección Temperá do Trastorno do Espectro do Autismo"

Dirixida a familias e profesionais do eido sanitario e educativo, ten o obxectivo de que sexan capaces de recoñecer precozmente os sinais de alerta propios dunha alteración do desenvolvemento e especialmente dun TEA. A campaña de información e sensibilización que continuou ao longo deste 2014 sinala a importancia dun diagnóstico precoz e unha intervención temperá como elementos clave que van influír de xeito positivo no desenvolvemento do neno, na súa calidade de vida e no seu prognóstico.

Atención Temperá e Apoio Integral

O Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral diríxese a nenos e nenas de 0 a 6 anos (Atención Temperá) e de 6 en diante (Apoio Integral), as súas familias e a súa contorna, có obxectivo de dar resposta ás necesidades transitorias e permanentes que presentan os nenos e nenas con trastorno no desenvolvemento ou que están en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Especializado na intervención con nenos e nenas con TEA, o servizo está composto por un equipo de cinco terapeutas acreditadas como **Psicólogas Sanitarias,** que no seu traballo diario seguen o marco xeral establecido polo *Libro Branco de Atención Temperá* (2000).

O SERVIZO DE PSICOLOXÍA EN CENTRO DE DIAGNÓSTICO E ATENCIÓN TEMPERÁ figura desde este ano inscrito no **Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-36-002255**.

Fundación Menela ten dados de alta, dentro dos Servizos de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais o:

- Servizo de Atención Temperá (de 3 a 6 anos)
- Servizo de Atención Psicomotriz (a partir de 6 anos)
- Servizo de Estimulación Cognitiva (a partir de 6 anos)
- Servizo de Estimulación Sensorial (a partir de 6 anos)
- Servizo de Logopedia (a partir de 6 anos)

Durante o ano 2014 o SAI prestou **atención terapéutica a 111 nenos e nenas**.

As características das persoas usuarias do servizo son:







O Edificio CAMI conta cunha **Sala de Estimulación Multisensorial** que responde aos parámetros das salas tipo Snoezelen; un espazo de traballo terapéutico dotado de diferentes elementos visuais, auditivos, olfactivos e táctiles que favorecen o espertar sensorial a través da propia experiencia sensorial. Inaugurada en 2011 e financiada pola Fundación Inocente Inocente, reforza as actividades terapéuticas da Rede Menela.

Educación

O Centro de Educación Especial Menela escolariza a nenos e nenas con diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo dende os 3 ata o remate da etapa escolar.

Concertado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, estrutúrase en 8 unidades educativas. O cadro de persoal de atención directa está composto por 17 profesionais, 10 docentes e 7 auxiliares técnicos educativos. Neste curso incorporouse a figura da **logopeda**.

Ao longo deste curso matriculáronse 33 alumnos (Educación infantil: 4; Educación Básica Obrigatoria: 22; Transición a Vida Adulta: 7), 6 en modalidade de escolarización combinada con centros ordinarios de Vigo.

Ademais dos servizos educativos, o centro dispón de servizo de transporte, comedor propio e limpeza, dos que se encarga o correspondente persoal de servizos.

No CEE Menela a intervención educativa céntrase na ensinanza de habilidades funcionais e enmárcanse no concepto **"aprendizaxe en contornas significativas"**, procurando promover experiencias que permitan unha maior autonomía do alumnado en tódolos ámbitos da vida diaria, e axudar ao alumnado con TEA e as súas familias a acadar a mellor Calidade de Vida.

ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS

Na aula trabállanse aprendizaxes establecidas no currículo formal atendendo as capacidades individuais, potenciando habilidades de comunicación a través de SAAC e o uso das TICs, como elemento estimulante que axuda a traballar contidos académicos e funcionais. Todos os espazos están estruturados temporal e espacialmente para axudar a comprender a contorna e proporcionar seguridade.

AUTONOMÍA PERSOAL E FUNCIONALIDADE

APERITIVO

Trabállanse aspectos que representan saídas de proxección social, estimulando diferentes eleccións e fomentando a autonomía persoal.

XANTAR

▪ ***Obradoiro doméstico:***

Apoiados pola cociñeira, recollen a louza e cubertos do lavavaixelas e gárdana no armario, limpan as mesas, mesetas e carriño, depositan bolsas do lixo no contedor e barren o comedor.

▪ ***Obradoiro de cociña:***

Prepararon sobremesas e menús sinxelos. Aprenderon a recoñecer ingredientes, facer uso de electrodomésticos, recoñecer e utilizar os útiles de cociña.

SECRETARÍA, FOTOCOPIADO E PLASTIFICADO

Xestionase correo interno e circulares, fotocopia e plastificado de materiais, previo corte con guillotina/ tesoiras.

RECICLADO DE PLÁSTICOS, LATAS, PAPEL E CARTÓN

Este curso colocáronse diversos recipientes para sensibilizar ao alumnado e profesorado sobre a importancia do reciclado de materiais. Un grupo de alumnos encargouse de recoller nas aulas os cartóns, papeis e plásticos, e levalos a illeta de reciclado máis próxima ao centro, cunha frecuencia semanal.

Programa Medioambiental "VOZ NATURA"

No marco do programa patrocinado pola Voz de Galicia e Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, as actividades ocuparon tres espazos: ***obradoiro***: elaborar letreiros, reutilizar envases para soportes de sementes, regadeiras e realización de ganchos; ***invernadoiro***: preparación de sementeiros, trasplante, plantación de bulbos en macetas e rego; ***xardín***: mantemento e limpeza, poda de setos e arbustos, trasplante a xardineira, preparación de terreo para plantación de vexetais. Este ano plantáronse fresas, brecol, tomates cherry, coles de bruxelas e pementos.



MUSICOTERAPIA

Na Fundación IgualArte traballáronse contidos referidos a percusión, a música e o movemento, recoñecemento e execución de instrumentos con cancións e xogos. Tódolos grupos continuaron familiarizándose coa aprendizaxe da linguaxe musical (lectura, escritura e execución das notas musicais).

ACTIVIDADE FÍSICA

As actividades de educación física desenvolvéronse no Pavillón Municipal de Coia, instalacións cedidas polo Concello de Vigo (pista polideportiva, ximnasio, tatami), en zonas públicas ao aire libre e no propio centro, utilizando máquinas deportivas e elementos de xardín. A actividade de piscina tivo lugar na Piscina Municipal de Travesas, contando có apoio de monitores de natación.

Mellorar e axilizar o aparato cardiovascular, respiratorio e muscular; a aptitude física para o desenvolvemento das actividades motrices básicas a través do equilibrio e a coordinación; favorecer as relacións sociais e mellorar a autoestima a través dunha vivencia lúdica, son algún dos obxectivos de traballo nesta área.

Clube Deportivo Menela.- Resultados 2014

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN

Data: 23.04.2014

Lugar: A Cañiza

Participa: 9 alumnos

Resultados: 7 medallas

Organiza: FEGADEMPS

CAMPIONATO GALEGO DE ATLETISMO

Data: 4.06.2014

Lugar: Vilagarcía de Arousa

Participa: 12 alumnos

Resultados: 6 medallas

Organiza: FEGADEMPS

ACTIVIDADES DE INCLUSIÓN SOCIAL

As actividades realizadas neste curso fora do centro foron elixidas polo profesorado dentro das propostas realizadas por distintas entidades. Neste marco, recóllense a celebración de festas tradicionais, as celebracións dos aniversarios e as festas/excursións de fin de curso fora do centro, a vista ao **CLUB HÍPICO ALAZÁN,** participación no **CORRELINGUA,** ao centro de xogos **MUNDO PIRATA PARK** e a coñecer a **BALAIDOS POR DENTRO.**

Novacaixagalicia:

Música: "Sandra e Meirol en Xistralia - Gaiteiros da Xistra"	Data: 28/01/14
Música: Odaiko nas escolas.	Data: 18/02/14
Música: Odaiko vaia circo.	Data: 26/02/14
Teatro de Títeres (Tanxarina): "Trogloditas"	Data: 09/05/14
Títeres (La Canica Teatro): "El gallo de las veletas".	Data: 23/05/14

A Fundación

Música – Teatro: "O Cocido Sinfónico"	Data: 4/11/14
Cine Submarino	Data: 26/11/14
Teatro: "Antía, Wamba e o regato pequeno"	Data: 5/12/14

Participación no **concurso de Postais de Nadal** organizado por El Corte Inglés e o Celta de Vigo, resultando gañadora Aneta Fernández.

.

Centro de Día e Residencia

O Centro de Día e Residencial Castro Navás é un servizo específico de apoio, configurado como dispositivo de atención integral, preventiva e habilitadora, destinado ao aloxamento temporal e permanente de adultos maiores de 16 anos con discapacidade psíquica severa, especialmente con Trastorno do Espectro do Autismo.

Actualmente existe un Contrato de Xestión de Servizo Público coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, contando con 60 prazas autorizadas en Centro de Día e 41 en Residencia prestando neste 2014 unha ocupación de 53 e 38 prazas, respectivamente.

Un equipo interdisciplinar de mais de 30 profesionais de atención directa traballa seguindo o Plan de Atención Individualizado, có obxectivo de potenciar o desenvolvemento da autonomía e capacidades persoais así como favorecer a inclusión social e laboral, contribuíndo a Calidade de Vida das 53 persoas usuarias.

En Castro Navás as actividades organízanse ao redor das áreas *agropecuaria*, *lavandería industrial, manualidades e conservas e marmeladas.* Estas compleméntanse co servizo de reparto, madeira e actividades vinculadas á expresión artística, promoción da saúde e atención socio - sanitaria e lecer.

O Centro Residencial ofrece servizos en réxime de internado (con e sen fin de semana), estadías temporais e estadías de emerxencia social.

OBRADOIROS TERAPÉUTICOS - EMPREGO E FORMACIÓN

En Castro Navás as actividades organízanse ao redor de catro áreas produtivas: *agropecuaria* que abrangue actividades de horta, animais e xardinería, *manualidades* con velas e xabróns, papel reciclado e tear, *conservas e marmeladas*, e *lavandería industrial.* Súmanse o obradoiro de madeira e o servizo de reparto. Neste eido as estratexias formativas responden a un traballo en positivo, aos intereses e habilidades de cada persoa, apóianse en SAAC e nunha estruturación de tempos e tarefas fixa, á vez que flexible.

INICIATIVAS DE FORMACIÓN E EMPREGO

▪ Formación en **Seguridade e Hixiene Alimentaria.** Un equipo de 5 profesionais e 11 usuarios que participan no obradoiro de Conservas e Marmeladas e Servizo de reparto, actualizaron os seus coñecementos en seguridade e hixiene alimentariadando cumprimentos as esixencias normativas.

▪ *Obradoiro terapéutico formativo - laboral "Conservas e marmeladas"* **Integrando Capacidades** é un proxecto formativo financiado pola Fundación ONCE, que deu a oportunidade a 8 persoas adultas con TEA para adquirir e consolidar un conxunto de habilidades socio - laborais necesarias para participar no obradoiro, ao mesmo tempo que contribuíu a consolidar a línea de produción centrada na elaboración de marmeladas.

▪ Programa formativo de desenvolvemento de **habilidades sociolaborais para persoas con TEA**

52 usuarios de Castro Navás participaron no proxecto "*Promoción do desenvolvemento integral das persoas adultas con autismo a través dun programa de educación permanente*" promovido polo Centro Español do Autismo.

PROMOCIÓN DA SAÚDE. ATENCIÓN SOCIOSANITARIA E BENESTAR FÍSICO

ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

O programa de atención á saúde céntranse no establecemento de pautas xerais de control médico e de saúde; control da evolución de tratamentos e establecemento de recomendacións sobre tratamentos individualizados; atención sanitaria; acompañamento a centros de saúde; xestión da medicación; control da alimentación e nutrición; desensibilización médica ao ámbito da saúde; comunicación e coordinación cos recursos sanitarios da comunidade; e difusión de material procurando información aos profesionais sanitarios.

Visitas Médicas 2014

- Psiquiatría Centro de Saúde Val Miñor: 4 visitas
- Oftalmoloxía (Centro de Saúde Val Miñor e Hospital Povisa): 2 visitas
- Mediciña xeral (Centro de Saúde Val Miñor; Hospital Meixoeiro/Povisa): 25 visitas
- Odontoloxía Hospital Povisa: 1 visita
- Odontoloxía Val Miñor: 1 visita
- Unidade de Pacientes Especiais Facultade de Mediciña e Odontoloxía USC: 4 visitas

Obra Social "La Caixa" e a Consellería de Sanidade apoiaron este programa:

Prevención e Sensibilización no ámbito da Saúde para Persoas con TEA. "Promoción da autonomía e atención á discapacidade e a dependencia". Obra Social "La Caixa"

Promoción da Saúde en persoas adultas con TEA no marco da convocatoria para a realización de programas de carácter sociosanitario. Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.

BENESTAR FÍSICO

Os programas de **fisioterapia**, **psicomotricidade** e **actividade física**, responden a un enfoque de intervención multidisciplinar e defenden dúas formas de intervención complementarias: no ***medio acuático***, aproveitando a presión hidroestática e viscosidade da auga, e na ***sala de fisioterapia, psicomotricidade, ximnasio e parque biosaudable***, có uso de material lúdico e terapéutico.

Inciden na *estimulación motriz* para a recuperación do to muscular; *estimulación visual* para mellorar o contacto visual e atención; *coordinación* para adquirir movementos naturais e mellorar a coordinación entre extremidades; *percepción vestibular* para a mellora do equilibrio; *relaxación* para diminuír estereotipias e hiperactividade; *motricidade fina* para mellorar a autonomía; *estiramento* de grupos musculares; exercicios de *marcha e percepción táctil* para o traballo da sensación propioceptiva do corpo e recoñecemento corporal. Lesións específicas e traumatismos illados son obxecto de tratamento.

Para o impulso destes programas contamos có apoio da **Deputación de Pontevedra:**

TEA, fisioterapia para persoas con Trastornos do Espectro do Autismo, proxecto financiado pola Deputación de Pontevedra a través da subvención dirixida ás entidades de iniciativa social no marco de prestación de servizos sociais de atención especializada.

Licenciado/Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte para o desenvolvemento dun Programa de Actividades Físicas para persoas adultas con TEA, concedido no marco da convocatoria de empresas privadas da provincia de Pontevedra para participar no plan de práctica laboral da Deputación de Pontevedra.

EXPRESIÓN ARTÍSTICA

TEATRO

Durante o primeiro semestre do ano continúa a actividade do grupo "T.E.A.tro" de Castro Navás, unha actividade que nace no ano 2008 por iniciativa da Asociación da Familias "Castro Navás" e o apoio da Deputación de Pontevedra.

Baixo a supervisión do Doutor en Ciencias da Educación, Ermel Morales, a Licenciada en Arte Dramático, Catuxa García Moure, acompañada por alumnos da Escola Superior da Arte Dramática de Galicia todos os mércores de 15.30 a 16.45h traballaron a creación de atmosferas, as sensacións e o desenvolvemento da motricidade do grupo, dando continuidade a obra "O Cabalo Coxo" e o desenvolvemento do Programa de Educación Vial.

MÚSICA

Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo

Día: 1.02.2014
Lugar: Salón de actos do Concello de Nigrán
Organiza: Fundación Menela

A orquestra Castro Navás, un proxecto compartido que defende que a "música expresa todo aquilo que non pode dicirse con palabras e que non debe quedar no silencio" actúa no DMCA interpretando o "*Vals de Amelie*", unha adaptación da obra orixinal de Yann Tiersen, "*Axeitame as polainiñas*", adaptación da obral de Milladoiro e o "*Reggae de Castro Navás*", o himno do centro.

II Festival de Integración Social organizado pola Agrupación Galicia Social - INMAGO

Día:15.05.2014
Lugar: Auditorio Novacaixagalicia (Vigo)
Organiza: Agrupación Galicia Social

O "*Vals de Amelie"* e "*Reggae de Castro Navás"*, foron as dos pezas seleccionadas para inaugurar o festival da Integración Galicia Social, no que participan diferentes agrupacións artísticas e educativas da cidade de Vigo.

Escola de Música Tradicional de Vigo (ETRAD)

Segue vixente a colaboración coa Escola de Música Folk e Tradicional de Vigo (ETRAD) dirixida por Rodrigo Romaní, contando có apoio de Xela Fernández, mestra de música nos ensaios de todos os mércores. Como é habitual recibimos a visita en Castro Navás dos profesores e alumnos do 5º curso da ETRAD, disfrutando dunha actuación compartida.

ETRAD
Escola Municipal de Música Folk e Tradicional. Concello de Vigo

LECER

PROXECTO GREEN HOPE - GRUPO INFORMAL ESPECIALISTAS EN SOÑOS

O Grupo Informal Especialistas en Soños desenvolveu o proxecto “Green Hope”, unha iniciativa que nace dun grupo de catro rapazas tras unha estancia de prácticas no centro Castro Navás. Green Hope abrangue un conxunto de actividades de ocio, culturais e deportivas, financiadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

No desenvolvemento das actividades contamos có apoio de 3 monitores do Centro e 4 integrantes do Grupo Informal Especialistas en Soños. 15 foron os beneficiarios do proxecto “Green Hope” que abrangueu o desenvolvemento das seguintes actividades entre os meses de setembro e outubro:

▪ **Illas Cíes (Vigo)**	Día: xoves, 25 de setembro de 2014
▪ **Equinoterapia (Mougás)**	Día: venres, 26 de setembro de 2014
▪ **Acuario de O Grove, Paseo en Catamarán (O Grove)**	Día: luns, 29 de setembro de 2014
▪ **Vigozoo, parque zoolóxico de Vigo**	Día: martes, 30 de setembro de 2014
▪ **Campo Lameiro (Pontevedra)**	Día: xoves 2 de outubro de 2014
▪ **Cidade Deportiva – Real Clube Celta de Vigo**	Día: venres 3 de outubro de 2014

TERAPIA CON ASNOS - FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

7 persoas adultas con TEA participaron na terapia con animais, que se desenvolveu nas instalacións da Asociación ANDREA en Allariz. Acompañados polos monitores de Autismo Galicia e da Asociación ANDREA, realizaron distintas actividades cos asnos como cepillalos, montar neles ou guialos a través dun percorrido de obstáculos. Ademais realizaron outras actividades como visitas culturais, paseos e merendas ao aire libre e obradoiros de manualidades.

No 2014 foron diversas as actividades de lecer. As propias do Programa de Respiro sinalar a celebración de aniversarios, de días especiais como o Día do Voluntariado ou I Día do Coidador, asistencia a festas tradicionais da contorna, como a Arribada de Baiona, ou aos concertos ao aire libre no Auditorio de Castrelos. Recoller tamén A GRAN XUNTANZA en Monteferro, a asistencia ao paso da Volta Ciclista a España por Nigrán e ao musical de CINDERELLA - LA FIESTA ESCÉNICA no Auditorio Palacio de Congresos Mar de Vigo, e o Campamento en UNTES de Autismo Vigo.

RELACIÓNS PÚBLICAS

REUNIÓNS FAMILIAS

Reunións de Familias de Castro Navás

En 2014 celebráronse dúas reunións xerais coas familias do Centro Castro Navás:

20.06.2014- Reunión de Verán.

Contidos:

▪ Presentación do programa "*Promoción do desenvolvemento integral das persoas adultas con autismo a través dun programa de educación permanente*" Fundación Menela – Nuevo Horizonte.

▪ Proxeción de dous vídeos do Centro Castro Navás, gravados polo periodista Xavi Vaz e a responsable do servizo de Residencia Sonia Álvarez, que nos ofreceron, con motivo dos 20 anos de traxectoria do centro, dúas perspectivas diferentes e apaixoantes de Castro Navás.

21.12.2014- Reunión de Nadal.

Contidos:

▪ Información sobre a nova regulación de dependencia, "Sistema copago"

▪ Formación: *Tratamento Psicofarmacolóxico en Persoas Dependentes.* Dr. Tiburcio Angosto Saura, médico psiquiatra no Hospital Vithas Nuestra Señora de Fátima e ex-xefe do servizo na UHP do hospital Nicolás Peña.

Reunións coa Xunta Directiva da Asociación de Familias de Castro Navás.

Ao longo deste ano 2014 celebráronse tres reunións, na sede da Fundación, coa Xunta Directiva da Asociación de Familias de Castro Navás, nas que participaron Mércedes López, traballadora social de Fundación Menela e Paula Estévez, directora do Centro Castro Navás. As datas das mesmas foron: 16 de xaneiro de 2014; 16 de xuño de 2014; 2 de decembro de 2014

VISITAS

13 de xaneiro de 2014. *D. Fernando de Andrés Alonso.* Asesor xurídico do Valedor do Pobo de Galicia.

8 de febreiro de 2014. *D. Domingo García Villamisar.* Psicólogo. Profesor da Universidade Complutense de Madrid. Asesor científico e consultor da Asociación Nuevo Horizonte, Las Rozas (Madrid).

27 de xuño de 2014. *Dna. Mª Jesús del Río Alcalde*, subdirectora xeral Aprendizaxe ao Longo da Vida. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; *D. Manuel Nevado Ojeda,* presidente da Asociación Nuevo Horizonte; *Dr. Domingo García Villamisar*, profesor da Universidade Complutense de Madrid, asesor e consultor de Nuevo Horizonte; *Dna. Mª Angeles Freixinet Gilart*, xerente e *Dna. Carmen Muela Morente*. directora técnica de Nuevo Horizonte; *Dna. Paula Carreiro Prieto*. Profesora de Pedagoxía Terapéutica. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

13 de agosto de 2014. D. Marcos Fernández Puentes e familia.

18 de agosto de 2014. *D. Juan Carlos Rodríguez*. Presidente da Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA).

17 de decembro de 2014. *Dª Marta Francisca Gallardo Leruite*. Fiscal

OUTROS SERVIZOS DA REDE MENELA

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Apoio e Formación a Familias. Programas de Lecer e Respiro Familiar

Desde o Servizo de Atención Psicosocial e Apoio Familiar acompáñase e aténdese as necesidades e preocupacións das familias de Fundación Menela ao longo de todo o ciclo vital da persoa con Trastorno do Espectro do Autismo (desde o diagnóstico ata a idade adulta), e nos diferentes contextos de referencia (fogar, centro educativo, laboral, sanitario, comunitarios), facilitándolles a mellor orientación e asesoramento, os apoios precisos e información dos recursos e programas de intervención especializados.

Dentro das funcións do servizo sinalar o apoio e asesoramento xeral en tramitacións ante a administración, a formación a través dos encontros de familias, reunións coas asociacións de familias, e xestión e desenvolvemento de programas de respiro familiar.

Apoio e Formación familias

Encontro con Familias

Durante o 2014 continuaron os ***"Encontro con Familias"*** dirixidos ás familias do Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral; un espazo onde compartir sentimentos e experiencias e achegar información para unha maior comprensión do TEA. Os encontros estiveron coordinados e dirixidos pola psicóloga de Fundación Menela, Pilar Pardo.

Neste período participaron un total de 25 familias en tres sesións formativas nas que se abordaron diferentes temas de interese: ***"O xogo e os intereses"***, ***"Os avós"*** e ***"A familia"***

Xuntanza familias do Centro Castro Navás

En decembro de 2014 e có motivo da xuntaza as familias do Centro Castro Navás, tivo lugar unha charla-coloquio sobre o ***"Tratamento Psicofarmacolóxico en Persoas Dependentes"*** impartida polo o Dr. Tiburcio Angosto Saura. Na mesma participaron 38 pais e nais do centro e 7 profesionais de Fundación Menela.

Fundación Menela conta con Programas de Lecer e Respiro Familiar que brindan ás familias e coidadores habituais un tempo de descanso, ao tempo que proporcionan as persoas con discapacidade e autismo experiencias adaptadas aos seus gustos, intereses e inquedanzas, contribuíndo ao desenvolvemento de habilidades sociais, autonomía persoal e inclusión social.

Para o desenvolvemento destes programas a Fundación conta có apoio da Administración Pública e Asociacións de Familias.

▪ ***Administración Pública***

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade

A través da convocatoria de axuda con cargo a asignación tributaria do IRPF, Fundación Menela recibe en 2014, 9.900,00 euros destinados ao aloxamento de 86 persoas usuarias externas no Centro Castro Navás.

Consellería de Traballo e Benestar

Neste ano, 95 persoas con TEA gozaron das prazas de Respiro Familiar de Fin de Semana no Centro Castro Navás, financiadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

Concello de Vigo

Fundación Menela xestiona o Programa Municipal de Respiro Familiar do Concello de Vigo, financiado pola Concellería de Política de Benestar. En 2014, nas instalacións do Edificio CAMI e Centro Castro Navás, déronse un total de 40 estancias a 13 persoas con discapacidade empadroadas en Vigo: 10 Fundación Menela (Vigo)1 ASPANAEX (Vigo)1 Centro Juan María (Nigrán) 1 Fundación Sálvora (Vigo)

▪ ***Asociacións de Familias da Rede Menela***

As actividades de lecer dan continuidade ao programa educativo, formativo e terapéutico que se desenvolve nos centros da Rede Menela.

Ocio Xullo e Campamento de Agosto coa colaboración da Asociación de Familias do CEE Menela.

En 2014 participaron 15 alumnos na actividade **Ocio Xullo**, programa que conta coa financiación da ANPA do CEE Menela e que se desenvolve nas propias instalacións en horario de mañá durante ese mes. En agosto tivo lugar o campamento de 5 días de duración no que participaron 13 alumnos na localidade de O Grove (Camping Os Feitás).

Lecer coa colaboración da Asociación de Familias de Castro Navás.

Lecer Fin de Semana:

Desde o mes de febreiro realizáronse estancias de sábado e fin de semana nas instalacións do Edificio CAMI e Castro Navás. En 2014 organizáronse 4 saídas de sábado e 12 fins de semana, nas que participaron 31 persoas adultas con TEA.

Saídas de Semana:

Realizáronse 8 saídas, participando 21 usuarios en diferentes actividades lúdicas e culturais (ZOO de Vigo, SPA de Baiona, CINE, cafetería).

Turismo e Termalismo

Este ano, no marco do programa de Turismo e Termalismo do IMSERSO canalizado pola Confederación Autismo España, 9 usuarios disfrutaron da estancia no Hotel Carlos I Silgar en Sanxenxo entre os días 23 e 25 de maio. No mes de setembro, entre os días 13 e 21, un total de 12 usuarios participaron na estancia durante dúas fins de semana no Hotel SPA Bosque Mar en O Grove.

- **Autos de Internamento Involuntario dos residentes do Centro Castro Navás**

Castro Navás recibiu as visitas do Xulgado de 1ª Instancia para proceder a tramitación das autorizacións dos Autos de Internamento Involuntarios dos residentes do Centro Castro Navás.

08.05.2014. Visita do Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo.

09.05.2014. Visita do Xulgado de 1ª Instancia nº 12 de Vigo.

11.06.2014.Visita do Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Vigo

Neste ano 2014 os xulgados emitiron un total de 36 Autos de Internamento Involuntario, deles 13 con solicitude de seguimentos periódicos (anuais ou semestrais).

Convivencia



	DIAGN	SAI	EDUC	C.DÍA	RESID
Institucionalizado	0	0	0	37	37
Tutela Administración	0	1	1	0	0
Outra Relación Familiar	37	98	29	15	1
Familia Monoparental	0	10	5	1	0

Renda Persoal dos Usuarios



de calime

Formación e Desenvolvemento

As accións formativas que se desenvolveron ao longo do período 2014 responden as necesidades detectadas e priorizadas polos responsables de cada un dos servizos de Fundación Menela. Estas atenden aos retos que se derivan do Plan de Acción 2014, requirimentos legais en cada un dos servizos e necesidades emerxentes en materia formativa en relación a avaliación, diagnóstico e tratamento dos TEA.

No marco da planificación inicial realizáronse un total de 9 accións formativas específicas para o posto de traballo, que supón un 90% do cumprimento do Plan de Formación. Asemade durante o ano xurdiron oportunidades de formación non previstas na planificación anual que foron aproveitadas para realizar 11 accións formativas mais. En total, foron 20 as accións formativas realizadas ao longo do ano 2014.

Valores Fundación Menela

- ü Compromiso coa mellora continua
- ü Transparencia
- ü Confianza en nos mesmos
- ü Honestidade e ética
- ü Traballo de calidade
- ü Respecto mutuo
- ü Paixón polo saber

Xornada 35º aniversario ASPANAES

Formación Recibida

ACCIÓN FORMATIVA	Nº ASISTENTES
XESTION E LIDERADO	
▪ Manual práctico para a implantación da OSHAS 18001 - FREMAP	2
▪ Xestión do Cambio - Carlos Cortes	2
AVALIACIÓN, DIAGNÓSTICO E INTERVENCIÓN EN PERSOAS CON TEA	
▪ I Xornadas sobre o Síndrome de Asperger – ASPERGA	3
▪ Xornadas DMCA. Integración Sensorial en persoas con TEA, Pilar Blázquez; Situación actual dos TEA, Dr Blanco	32
▪ II Xornadas sobre Educación Inclusiva - FOANPAS	6
